



PLAN DIXITAL

IES Plurilingüe Aquis Celenis

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES Plurilingüe Aquis Celenis
R/ Mariñoleiras s/n 36650 Caldas de Reis.

ies.aquis.celenis@edu.xunta.gal
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesaquiscelenis/>

Etapas educativas: ESO e Bacharelato
Alumnado:
Profesorado:

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.

O IES Aquis Celenis está situado na localidade de Caldas de Reis, na provincia de Pontevedra. Trátase dun concello onde habitan unhas 10.000 persoas, repartidas entre o núcleo urbano e as parroquias do rural, no que a poboación nos últimos anos permanece estancada porque a taxa de desemprego non é demasiado alta: o 10%.

As ensinanzas que se imparten son a ESO (dúas liñas) e Bacharelato (5 grupos en cada curso), nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais; nos últimos anos temos unha media de 350 alumnos/as (150 aproximadamente na ESO e arredor de 200 no bacharelato).

Con relación á procedencia do alumnado, a nivel xeral, os alumnos/as da ESO proveñen do centro adscrito de San Clemente de Cesar e da vila de Caldas de Reis (ademais hai que destacar a presenza crecente de alumnado inmigrante procedente principalmente de Sur América) mentres que no caso do Bacharelato, ao propio alumnado do centro e dos centros de Caldas, súmanse alumnos/as procedentes de concellos próximos que veñen continuar os seus estudos de bacharelato unha vez remata a ESO nos CPIS de Moraña, Cuntis e Portas, basicamente. No que se refire ao seu perfil socio-económico, son de clase media-baixa. A profesión dos pais é maioritariamente a de obreiros cualificados, traballadores autónomos, pequenos empresarios e funcionarios; mentres que as nais, maioritariamente, son amas de casa. Isto, evidentemente, determina o seu perfil socioeducativo.

Aínda que unha parte do alumnado conta co apoio familiar e as posibilidades económicas que lle permiten a realización de actividades extraescolares fóra do ámbito escolar (sobre todo relacionadas coa música, o deporte e os idiomas) hai tamén unha porcentaxe importante, sobre todo residente no rural, que por circunstancias económicas e de mobilidade non teñen acceso a este tipo de actividades. Por outro lado, a maior parte das actividades extraescolares que se ofrecen fóra do instituto teñen como obxectivo a mellora do rendemento persoal pero poucas veces forman na colaboración. Xa que logo, as actividades e liñas de actuación que emprendemos no centro buscan intervir sempre dende un enfoque que parte da cooperación e a interdisciplinabilidade e que busca a atención das múltiples circunstancias que afectan ao noso alumnado.

Deste xeito, unha das nosas máximas preocupacións é o tratamento da diversidade e atender o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, por este motivo dende xa hai varios cursos tentamos multiplicar os recursos dos que dispoñemos (humanos e materiais: reforzos educativos, contratos programa de mellora das competencias clave, PMAR...) e ofertar ao alumnado saídas que lles permitan titular na ensinanza obrigatoria e seguir ampliando a súa formación. Mais a diversidade non afecta unicamente ao ámbito académico, tamén nas relacións afectivas e sexuais é importante a nosa intervención como centro de ensino, pois o momento de desenvolvemento persoal no que se encontra o noso alumnado é abondo problemático e resolvelo sen traumas é para nós unha prioridade, de aí que a intervención en temas de igualdade e a participación en programas que a procuren sexa permanente nas programacións anuais de centro.

Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa, ...

No noso centro levamos renovándonos dende xa hai bastantes cursos a través da participación masiva en plans de formación do profesorado no propio centro, enfocados tanto cara ao coñecemento de metodoloxías innovadoras para empregar nas aulas (traballo cooperativo, atención á diversidade, motivación do alumnado, mellora da convivencia...) coma naquelas que nos permiten mellorar a organización no centro (proxectos interdisciplinares, tratamento integrado das linguas, novas

tecnoloxías da comunicación, mellora dos instrumentos de xestión, adaptación da documentación...).

O froito evidente desta formación e interese do profesorado na innovación é que o Aquis Celenis vén participando nos últimos anos nun gran número de proxectos convocados polas institucións educativas, entre eles merecen un lugar destacado os Plans Proxecta (nomeadamente no Proxecto Terra, Quérote +, Innovación en Dinamización da Lingua Galega...), Proxecta+ e tamén en varias liñas dos contratos programa (Excelencia, InnovaT, InlueT e os correspondentes en anos anteriores). Tamén participamos en PLAMBE dende o curso 2011 e nos Clubs de Lectura dende o curso 2007-2008.

Por outro lado, con respecto á integración didáctica das TIC, hai que destacar a alta implicación do profesorado na formación e aplicación na aula, mostra disto é o uso xeneralizado da aula virtual e a participación nos programas de Aula Abalar (dende o curso 2011-2012) e no proxecto Edixgal dende o inicio, é dicir, o curso 2019-20). Ademais contamos cunha canle propia de vídeo, Aquisvideo, onde se colgan todos os vídeos vinculados a actividades e proxectos do centro.

Ademais do dito, cómpre destacar a participación nos últimos anos de gran número de profesores e profesoras en proxectos de tipo interdisciplinar centrados sempre en potenciar no seu alumnado a aprendizaxe-servizo e que deu como resultado produtos de gran interese, a coorganización (xunto co Concello de Caldas) da Semana da Ciencia, unha escolar para promover a igualdade (elaborada nos catro últimos cursos), o enriquecemento de obras literarias a través da realidade aumentada, unha aplicación para móbil empregada para potenciar o Camiño de Santiago...

Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

No ano 2017 aprobouse o Plan TIC do centro que recolle unha serie de obxectivos que deberían ser incorporados ao PEC, pero este documento está pendente de actualización e aínda non os incorpora:

Obxectivos xerais:

- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...

- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Fornecer ó alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidade especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación derivadas das desigualdades sociais.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Concreción dos obxectivos xerais:

- Consolidar a utilización e o emprego da Aula Virtual entre o profesorado
- Consolidar o Proxecto Edixgal.
- Emprego da ferramenta Abalar Móbil
- Consolidar o plan de formación para o profesorado
- Informar e promover entre as familias o Espazo Abalar mediante reunións e charlas coas familias interesadas.
- Establecer unha coordinación entre as distintas áreas.
- Mellorar o emprego das ferramentas TIC entre o alumnado

- Actualizar os protocolos de uso e emprego dos recursos TIC
- Consegur unha completa integración do alumnado con NEE

O Plan TIC será substituído por este Plan Dixital, que prevé incorporar aqueles obxectivos que aínda non foran acadados e outros novos.

Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Os obxectivos do PD incorporaranse á PXA.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este Plan dixital elabórase ao abeiro da seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de dinamización do Plan dixital seguiu as instrucións da Resolución do 3 de setembro de 2021, creándose unha liña dentro do PFPP do centro con 3 integrantes (director, secretaria e coordinador TIC), tal e como se nos recomendou desde o CFR de Pontevedra.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital do centro:

- Infraestrutura de datos (conectividade a internet): Liña principal: FTTH_1G_1G Liña de respaldo: PMW_500M_500M
- Wifi: APs Aruba AP-215. Cobertura integral con un total de 22 puntos de acceso edu.xunta.es/Abalar
- Infraestrutura de voz (telefonía): Telefonía IP

Equipamento dispoñible:

Todas as aulas xerais (ESO e bacharelato) están equipadas con videoproxector e tableiro interactivo. Na seguinte táboa desglósase o equipamento.

| Aula | Equipo | Proxector/Pantalla | Observacións | Pedir (S/N) |
|----------------------|--------------------------------------|---------------------------------|---|-------------|
| 1 | | Epson EB-440W / SMARTBoard | Obsoleto. Carro de carga abalar | Si |
| 2 | | Epson EB-440W / SMARTBoard | Obsoleto. Carro de carga abalar | Si |
| 3 | | Epson EB-460 / SMARTBoard | | N |
| 4 | | Epson EB-720 / SMARTBoard | | N |
| 5 (A. informática 3) | 10 Lenovo L540 10 Acer TM Spin B3 | Epson EB-570 / Multiclass Board | Carro de carga abalar + carro de carga propio | N |

| | | | | |
|-------------------|--|---------------------------------|----------|----|
| 6 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 7 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 8 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 9 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 10 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 11 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 12 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 13 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 14 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 15 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| 16 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| Pequena Lab. Qui. | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| Aux. 12 | | Epson EMP-83H / Non interactiva | Obsoleto | Si |
| Aux. 8/9 | | Epson EB-570 / Multiclass Board | | N |
| Aux. 10/11 | | Epson EB-680 / Multiclass Board | | N |
| Aux. 7 | | Epson EMP-83H / Non interactiva | Obsoleto | Si |

| | | | | |
|-------------------------------|--|--|---|----|
| Aux. 6 | | Epson EMP-1716 / Non interactiva | Obsoleto | Si |
| Aula Informática 1 | 15 Pcs dotación 14 Pcs propios | BenQ LX710 (propio) / SMARTBoard | 3 Pcs propios averiados (non reparables) | Si |
| Aula Debuxo | | Benq en teito (propio) / Non interactiva | | N |
| Aula Música | | Epson EB-680 / Multiclass Board | | N |
| Aula Informática 2 | Lenovo L540 15 Pcs dotación 9 Pcs propios | Epson EMP-83H / Non interactiva | Proxector Obsoleto | Si |
| Aula Tecnoloxía | 8 Acer TravelMate Spin B3 6 Lenovo 80TH (propios) | BenQ LX710 (propio) / SMARTBoard | | N |
| Usos Múltiples | Lenovo L540 | Hitachi CP (propio) / Pantalla Mural | | N |
| Sala profesorado 1 | 2 Pcs clónicos (propios) | Impresora láser Epson AL-M300 | Necesarios mais Pcs | Si |
| Sala profesorado 2 | 2 Pcs clónicos (propios) | Router Belkin (propio) | Ampliación das tomas de conexión cableadas. | Si |
| Aux. 12 Sala profesorado 3 | | Epson EMP-1716 / Non interactiva | | N |
| Xefatura Estudos | 2 Pcs clónicos (propios) | | | N |
| Dirección | 1 Pc clónico (propio) | | | N |
| Secretaría | 1 Pc clónico (propio) | Impresora láser Epson AL-M300 | | N |

| | | | | |
|----------------|---|---|----------|----|
| Administración | 1 Pc clónico (propio) | | | N |
| Conserxería | Lenovo Thinkpad L540 | | | N |
| Lab. Física | | Epson EMP-745 / Non interactiva | Obsoleto | Si |
| Lab. Química | | Epson EMP-83H / Non interactiva | Obsoleto | Si |
| Lab. BioXeo | | Benq en teito (propio) / Non interactiva | | N |
| Biblioteca | Pc clónico (propio) 3 Portátiles (1 Lenovo 2 HP) | Impresora HPLaserjetpro M12a Switch TPlink | | N |

O centro dispón de 228 portátiles con diversos usos que se indican na seguinte táboa:

| Portátil | Uso | Observacións |
|------------------------------|---------------------|--------------|
| 70 HP Probook x360 G1 EE | Alumnado Edixgal | |
| 9 Lenovo ThinkPad 20LNS0QU00 | Alumnado Edixgal | |
| 71 ThinkPad Yoga 11e 5th Gen | Alumnado Edixgal | |
| 10 Acer Travelmate P259 | Profesorado Edixgal | |
| 9 HP Probook 450 G4 | Profesorado Edixgal | |

| | | |
|----------------------------|---------------------|--|
| 11 HP Probook 650 G8 | Profesorado Edixgal | |
| 20 Acer TravelMate Spin B3 | Alumnado | 10 Infomática 3 8 Tecnoloxía 2 en préstamo |
| 20 Lenovo Thinkpad L540 | Profesorado | 1 en biblioteca 1 en usos múltiples 1 en informática 2 10 en informática 3 1 en conserxería Resto en préstamo |
| 6 Lenovo 80TH | Alumnado | Aula Tecnoloxía |
| 2 HP (aulas abalar vellos) | Biblioteca | Obsoletos |

Servizos dixitais educativos:

O Centro dispón e utiliza os seguintes servizos corporativos: páxina web, aula virtual, EVA E-dixgal, espazoAbalar, Abalarmóbil, Webex (servizo de videoconferencia) e correo corporativo. Ademais, o centro utiliza unha aplicación online propia (FOL) para facilitar a comunicación entre a comunidade educativa, a xestión do equipamento dixital, a xestión económica, a xestión da comunicación coas familias no ensino semipresencial (na pandemia e tamén no caso de ausencia de profesorado e alumnado), a realización de informes, etc.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

A xestión realízaa o coordinador TIC mediante aplicación propia (FOL); ademais, desde o segundo trimestre contratouse unha empresa privada para as incidencias importantes en equipamento que non sexa de Edixgal.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

| Areas | Grupos | Ensinanzas | | | | |
|---|----------------|------------|-----|-------------|----|---------------|
| | | Primaria | ESO | Bacharelato | FP | Ed. Post sec. |
| A -Liderado | Equipo Direct. | | 3,3 | 3,1 | | |
| | Profesorado | | 3,7 | 3,9 | | |
| | Alumnado | | | | | |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | | 3,4 | 3,1 | | |
| | Profesorado | | 3,5 | 3,9 | | |
| | Alumnado | | 3,5 | 2,6 | | |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | | 4,1 | 3,8 | | |
| | Profesorado | | 4,1 | 4,1 | | |
| | Alumnado | | 4 | 3,4 | | |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | | 4,2 | 4 | | |
| | Profesorado | | 4,3 | 4,4 | | |
| | Alumnado | | | | | |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | | 4,2 | 4,1 | | |
| | Profesorado | | 4,2 | 4,3 | | |
| | Alumnado | | 4,7 | 4,1 | | |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | | 3,9 | 3,3 | | |
| | Profesorado | | 3,4 | 3,4 | | |
| | Alumnado | | 3,3 | 2,9 | | |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | | 3,3 | 3,2 | | |
| | Profesorado | | 3,3 | 3,2 | | |
| | Alumnado | | 3,3 | 2,8 | | |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | | 3,9 | 3,6 | | |
| | Profesorado | | 3,8 | 3,9 | | |
| | Alumnado | | 3,7 | 3,1 | | |

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|--------------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 28 | 28 | 100 |
| PROVISIONAL | 4 | 4 | 100 |
| INTERINO | 8 | 9 | 88,9 |
| SUBSTITUTO | 2 | 2 | 100 |
| DESPRAZADO | | | |

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|--------------------------|---|---------------------------------|
| <u>77,2</u> | <u>Integrador/a (B1)</u> | <u>79,2</u> | <u>Integrador/a (B1)</u> |

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------------|--------------------------------------|--------------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 78,4 | <u>Integrador/a (B1)</u> | 79,2 | <u>Integrador/a (B1)</u> |
| BAC | 77,5 | <u>Integrador/a (B1)</u> | 77,9 | <u>Integrador/a (B1)</u> |
| F.P | | | | |

2.3. Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-----------|---|---|
| A1 | | |
| A2 | 14 | 33,3% |
| B1 | 21 | 50% |

| | | |
|-------|----|-------|
| B2 | 4 | 9,5% |
| C1 | 3 | 7,1% |
| C2 | | |
| TOTAL | 42 | 99,9% |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou a análise DAFO (que aparece a continuación) que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

| INTERNOS | | FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|------------|------------------------------|---|--|
| CATEGORÍAS | INFRAESTRUTURAS- EQUIPAMENTO | 1. Implantación de Edixgal en toda a ESO: ordenador persoal, canón, acceso á rede, libros dixitais... 2. En bacharelato todo o alumnado dispón de acceso á rede corporativa 3. Aulas virtuais en todas as materias e niveis. | |
| | PERSOAL DOCENTE | 1. Implicación grande dunha parte importante do profesorado na dixitalización do centro. 2. A media do nivel de competencia dixital do profesorado medida polo test de CDD é de B1. | 1. Nas prácticas de avaliación non se usa apenas a coavaliación e a retroalimentación. 2. Baixo nivel de utilización de tecnoloxías dixitais para o traballo en grupo 3. Baixa porcentaxe de emprego de AbalarMóbil |
| | PERSOAL NON DOCENTE | | |

| | | | |
|--|------------------------|--|---|
| | | | |
| | ALUMNADO | 1.A competencia dixital do alumnado no selfie é media-alta. | 1.O alumnado non verifica a fiabilidade das fontes de información. 2.Baixo nivel de utilización de tecnoloxías dixitais para o traballo en grupo 3.Pouca atención por parte do alumnado á seguridade dixital. 4.A comunicación a través de medios dixitais non cumpre en xeral os estándares de Netiqueta. 5.Hai alumnado con "dependencia dixital" na ESO. |
| | FAMILIAS | 1.A maior parte das familias teñen instalado AbalarMobil | |
| | OFERTA | | |
| | ORGANIZACIÓN DO CENTRO | 1. Hai canles de comunicación propias que permiten a interacción, a comunicación e a colaboración entre os distintos sectores da comunidade educativa. | |

| EXTERNOS | | OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|------------|--------------------------|---|---|
| CATEGORÍAS | ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA | 1. Ampliación do centro de cara a unha distribución de espazos que permita unha óptima utilización das tecnoloxías. | 1.Elevada taxa de provisionalidade do profesorado 2.En bacharelato non hai equipamento dixital individualizado. 3.Non hai tempo para a formación do profesorado nin para a elaboración de material dixital. |

| | | | |
|--|------------------|---|---|
| | | | <p>4. Non hai posibilidade de acceder aos materiais elaborados polo profesorado de Galicia para usalos, readaptalos...</p> <p>5. Edixgal implantouse en 3º e 4º ESO sen materiais adecuados. Tampouco hai material para os ámbitos de PMAR (ou Diversificación no futuro)</p> |
| | LEXISLACIÓN | 1. Cambio de lei de cara a unha maior autonomía e traballo competencial. | 1. Cambios legislativos constantes. |
| | CONTORNA | | 1. Gran diversidade dixital entre o alumnado de bacharelato (proveñen de varios centros). |
| | ANPA | | |
| | OUTRAS ENTIDADES | | |

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Elaborouse o Plan de Acción a partir da análise DAFO. En consonancia coas áreas do Selfie, establecéronse as seguintes áreas de mellora prioritarias:

1. Liderado.
2. Infraestrutura.
3. Prácticas de avaliación.
4. Competencias dixitais do alumnado.

En relación a estas áreas de mellora, establecéronse os obxectivos que se mostran nas seguintes táboas.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

| "Área/s de mellora": Liderado | | | | | | | |
|---|---|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--------------|--|
| 7. OBXECTIVO (1): | Estender o uso de EspazoAbalar a profesorado e familias | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Emprego de Espazo Abalar polo profesorado e as familias | | | | | | |
| Valor de partida (3) | O 70% profesorado non emprega AbalarMóbil para a xestión da titoría | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | O 90% do profesorado emprega AbalarMóbil - | | | | | Xuño de 2023 | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| AO1.1: Explicacións para o profesorado sobre a xestión con Espazo Abalar e a app AbalarMóbil | Equipo directivo e/ou Coordinador TIC | Outubro de 2022 | Equipamento do centro | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| AO1.2: Explicacións ás familias sobre o Espazo Abalar e a app AbalarMóbil | Equipo directivo e/ou Coordinador TIC | Setembro-outubro de 2022 | Documento con explicacións | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| "Área/s de mellora": Infraestrutura | | | | | | |
|---|--|-----------------------|-------------------------|--------------------------|-------------|--|
| 8. OBXECTIVO (1): | Reorganización da infraestrutura das aulas TIC | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Creación dunha terceira aula TIC funcional. | | | | | |
| Valor de partida (3) | Nunha aula TIC faltan ordenadores, noutra hai equipos obsoletos. | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | As tres aulas TIC con equipamento completo e funcional | | | Xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| A01.1: Completar o equipamento das aulas de Informática 1 e 2 | Equipo directivo | Setembro de 2022 | Ordenadores | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.2: Substituír o equipamento obsoleto por outro novo na aula TIC3 | Equipo directivo | Setembro de 2022 | Ordenadores | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.3: Organizar o mantemento periódico destas aulas | Coordinador TIC | Xuño de 2023 | Técnico externo | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| "Área/s de mellora": Prácticas de avaliación | | | | | | | |
|---|--|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--------------------|--|
| 9. OBXECTIVO (1): | Elaboración de materiais didácticos dixitais para as aulas virtuais que favorezan a retroalimentación e a coavaliación | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Coordinador TIC e coordinadora do Plan Dixital | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Materiais didácticos elaborados | | | | | | |
| Valor de partida (3) | 0% de material didáctico elaborado e compartido | | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | O 30% do profesorado do centro participa na elaboración deste material | | | | Xuño de 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | | |
| A01.1: Crear unha liña de formación no centro para esta finalidade | Equipo directivo | Outubro de 2022 | CFR | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A01.2: Elaborar un documento con pautas para a creación deste material | Responsable TIC | Decembro de 2022 | Aulas virtuais | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A01.3: Creación dos materiais didácticos | Profesorado que participa na liña de formación | Xuño de 2023 | Aulas virtuais | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| "Área/s de mellora": Competencias dixitais do alumnado | | | | | | |
|--|--|------------------------------|--------------------------------|---------------------------------|--------------------|--|
| 10. OBXECTIVO (1): | Mellora da competencia dixital do alumnado nos seguintes aspectos: busca de información, seguridade e Netiqueta. | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo TIC e profesorado | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2) | Resultado da competencia dixital do alumnado na enquisa de desempeño | | | | | |
| Valor de partida (3) | Media do resultado inicial obtido na enquisa de desempeño | | | | | |
| Valor previsto e data (4) | Media do resultado final obtido na enquisa de desempeño | | | Xuño de 2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN (5) | RESPONSABLES (6) | DATA PREVISTA FIN (7) | RECURSOS NECESARIOS (8) | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN (9) | ESTADO (10) | |
| AO1.1: Creación dunha enquisa orientada ao desempeño dos aspectos a mellorar na competencia dixital do alumnado: busca de información, seguridade e Netiqueta | Equipo TIC | Primeiro trimestre 2022-2023 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| AO1.2: Análise dos resultados e elaboración de recomendacións para o profesorado para a posta en práctica nas súas materias. | Equipo TIC | Decembro 2022 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

| | | | | | | |
|--|------------|-----------|--|--|-----------|--|
| A01.3: Volver a pasar a enquisa de desempeño e análise dos resultados | Equipo TIC | Maio 2023 | | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de infraestruturas tecnolóxicas.

Non hai

Necesidades de equipamento:

- Renovar o equipamento obsoleto que se especifica nos apartados anteriores e completar o equipamento das aulas de informática 1, 2 e 3 ata 30 postos.
- Substitución dos taboleiros interactivos por paneis táctiles debido a que:
 - os taboleiros interactivos dan fallos frecuentes: a conexión non funciona moitas veces, a calibración non é correcta a pesar de facela unha e outra vez... motivo polo cal se están infrutilizando (empréganse só como paneis de proxección, non como taboleiros interactivos).
 - as caixas de conexión dos taboleiros interactivos precisan revisión (mellorar a suxección, revisar as conexións de vídeo e audio - xa que fallan con frecuencia-, revisar os cabos...)
 - as conexións de audio non teñen a suficiente calidade e potencia, imprescindible para certas materias como idiomas, e fallan con moita frecuencia. Por este motivo instaláronse altosfalantes adicionais que non arranxaron o problema satisfactoriamente.
- 2 PC para a sala de profes 1.
- Engadir tomas para conexión con cabos na sala de profes 2.
- 1 canón e equipo de son para o ximnasio.
- 3 altavoces inalámbricos portátiles con son de alta calidade e potencia, para idiomas.

Necesidades de servicios dixitais educativos:

O centro está empregando o antigo servidor *centros.xunta.es* para aloxar, entre outros recursos, a aplicación web FOL, á que se accede desde a web do centro, para a xestión da comunicación interna, a xestión do equipamento dixital, a xestión económica, a xestión da comunicación coas familias no ensino semipresencial (na pandemia e tamén no caso de ausencia de profesorado e alumnado permite acceder a profesorado de garda, alumnado afectado e familias á información sobre os traballos ou tarefas a realizar), a realización de informes, distribución e difusión ao profesorado e alumnado de horarios de aulas, grupos, profesorado, reserva de aulas, orlas etc... pois en Xade resulta imposible facelo antes de comezar o curso.

Dado que se nos informou de que este servidor non é seguro e vaise retirar, necesitamos que se nos proporcione unha alternativa que cumpra coas medidas de seguridade necesarias, que permita aloxar a aplicación vinculada a unha base de datos e que nos permita seguir empregando esta ferramenta que se demostrou moi útil nos últimos anos e, sobre todo, durante a pandemia.

4. Avaliación do plan

Para a avaliación deste plan dixital seguiremos unha avaliación procesual e unha avaliación final.

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos para valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora. Seguiranse os indicadores dos obxectivos marcados nas táboas anteriores para cada un dos obxectivos e as liñas de acción.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos que se van considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

A difusión deste plan dixital entre toda a comunidade educativa levarase a cabo empregando a páxina web do centro.

Este Plan Dixital foi aprobado
polo Claustro o 13 de xuño e 2022
e polo Consello Escolar o 30 de xuño de 2022